Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

# ACTA Nº 2022/6

# SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO PLENO CORPORATIVO

## SALÓN DE PLENOS DO CONCELLO DE LOUSAME, MARTES, 28 DE XUÑO DE 2022

No día de hoxe, ás **20:33 horas**, baixo a presidencia da Alcaldía-Presidencia, reúnense os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da Secretaria-Interventora, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, **Sesión Extraordinaria e Urxente** da **Pleno Corporativo.**

**PRESIDE:**
Mª TERESA VILLAVERDE PAIS (PP)

**ASISTEN:**
*PP (GPM do PP)*
RAMÓN MANUEL MARTÍNEZ RIAL
SILVIA AGRAFOJO FILGUEIRA
RAMÓN FIGUEROA PÉREZ
JOSÉ ANTONIO CES BARREIRO
JESÚS MARTÍNEZ CASTRO

*PSdG-PSOE (GPM do PSdG-PSOE)*
JULIO M. D. PARADELA BUSTO
BEATRIZ GONZALEZ BARGO
IVÁN BERMÚDEZ CASTRO

*BNG (Grupo Mixto)*
ANXO MOLEDO CARREÑO (BNG)

**AUSENCIAS:**
YÉSICA FERNÁNDEZ MIGUÉNS (PP)

**SECRETARIO/A-INTERVENTOR/A:**
PAULA ARES OTERO

Unha vez verificada a válida constitución do Pleno, dado que se cumpre a asistencia mínima do terzo do número legal dos seus membros, así como a presenza da Alcaldía e da Secretaría (ou de quen legalmente os substitúa), a Presidencia abre a sesión.

De seguido a Alcaldesa procede á deliberación e votación dos asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA:**



Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 30/06/2022 13:07:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 30/06/2022 17:26:00)
Versión imprimible
CVD: 3BVCUz+W3YTuCoUYuR9I
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Parte resolutiva:

1 Aprobación, se procede, da urxencia da sesión
2 Aprobación, se procede, da solicitude de subvención nominativa á Excma. Deputación da Coruña para o investimento "Mellora do viario en Croído"
3 Aprobación, se procede, do POS+ Adicional 2/2022.

## 1) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA URXENCIA DA SESIÓN

A Alcaldía da conta da proposta de acordo que se somete a aprobación, que é a que de seguido se indica:

---

**PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA SESIÓN.**

De xeito ordinario as sesións do órganos colexiados deben ser convocadas cunha antelación mínima de dous días hábiles entre a data da convocatoria e o día da celebración da sesión de que se trate.

Non obstante, poderán celebrarse sesións co carácter de urxente, sen respectar esa antelación na convocatoria, cando existan razóns debidamente motivadas de urxencia que así o aconsellen, requiríndose que se ratifique esa urxencia da convocatoria e sesión, por maioría simple.

As razóns que motivan a urxencia na convocatoria da sesión son as seguintes:

1 O Concello de Lousame está tramitando unha subvención nominativa ante a Excma. Deputación da Coruña. Dende o ente provincial esixen a adopción dun acordo plenario para poder continuar a tramitación, e debe adoptarse canto antes para poder ser incluído no primeiro pleno provincial que teña lugar.
2 Ademais o 05.07.2022 abre o prazo para poder remitir as solicitudes relativas ao POS+Adicional 2/2022; polo que é preciso adoptar o acordo plenario relativo a este Plan Provincial.

Á vista do exposto, esta Alcaldía propón ao Pleno Corporativo que adopte o seguinte acordo:

Ratificar a urxencia da sesión extraordinaria e urxente convocada para o **martes, día 28 de xuño de 2022, ás 20:30 horas.**

*Documento asinado dixitalmente*

A Alcaldesa
Mª Teresa Villaverde Pais

---

A Alcaldía pregunta se hai intervencións. Non habendo intervencións, somete o asunto a votación.

**En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos dez (10) concelleiros presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte ACORDO: Ratificar a urxencia da sesión extraordinaria e urxente convocada para o martes, día 28 de xuño de 2022, ás 20:30 horas.**



FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 30/06/2022 13:07:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 30/06/2022 17:26:00)
Versión imprimible
CVD: 3BVCUz+W3YTuCoUYuR9I
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

## 2) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á EXCMA. DEPUTACIÓN DA CORUÑA PARA O INVESTIMENTO MELLORA DO VIARIO EN CROÍDO

A Alcaldía da conta da proposta de acordo que se somete ao Pleno Corporativo, que é a que de seguido se indica:

---

*Asunto: Solicitude de subvención nominativa para a execución de proxecto de obras*
*Expte: 2021/A006/000006*

**PROPOSTA DE ACORDO AO PLENO CORPORATIVO**

"O Pleno Corporativo, órgano competente para a adopción do presente acordo, de solicitude de subvención nominativa á Excma. Deputación da Coruña, e á vista dos seguintes antecedentes e fundamentos xurídicos.

1. O 09.04.2021, con rexistro de saída núm. 202190000000055, vía SIR, remitíase á Excma. Deputación da Coruña, oficio da Alcaldía do Concello, xunto coa documentación xustificativa da solicitude dunha subvención nominativa para a execución do seguinte investimento: *Mellora do Viario en Croído*.

2. A finais de xuño do 2022, dende os servizos técnicos da Excma. Deputación Provincial comunican a necesidade de achegar o acordo do Pleno Corporativo relativo á solicitude da subvención nominativa, para continuación coa súa tramitación.



Á vista do exposto, o Pleno Corporativo, **ACORDA:**

**Primeiro:** Declarar que as razóns de interese público de carácter social e económico, polas que a Excma. Deputación Provincial, no fomento dos intereses peculiares da provincia, debe contribuír economicamente ao desenvolvemento do proxecto son as que constan na Memoria Xustificativa da Alcaldía do día 09.04.2021, xa remitida á Deputación, en concreto:

*O Concello de Lousame considera de primeira necesidade as actuacións sobre a rede viaria local, especialmente aquelas que unen núcleos de poboacións entre si e que, ademais do tráfico rodado de turismos para desprazamento das persoas e do tráfico mais pesado que resulta necesario para o normal desenvolvemento da vida diaria dos usuarios, son empregadas polos veciños para os seus desprazamentos a pé.*

*Con tal motivo e dada a necesidade imperiosa das actuacións preténdese por parte do Concello mellorar a seguridade vial no camiño e realizar a reparación do pavimento do mesmo, así como dar continuidade á malla existente de servizos públicos da zona, motivadas principalmente por razóns de interese público, social e económico*

**Segundo:** Declarar que as circunstancias que impediron ou dificultaron acollerse a algún dos programas de subvencións de concorrencia competitiva, a un Plan da Deputación ou ao Plan Único, POS+, son as que constan na Memoria Xustificativa da Alcaldía do día 09.04.2021, xa remitida á Deputación, en concreto:

*Cabe indicar que as obras incluídas neste proxecto non foron incluídas noutros plans por existir outras cuxo arranxo era prioritario por encontrarse en estado mais ruinoso. Non obstante, dende a redacción dos proxectos incluídos no último plan detectouse un aumento de tránsito de vehículos por este vial, polo que a seguridade dos viandantes que por ela*

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 30/06/2022 13:07:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 30/06/2022 17:26:00)
Versión imprimible
CVD: 3BVCUz+W3YTuCoUYuR9I
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

*transitan viuse afectada considerablemente ademais de evidenciarse un importante incremento do deterioro do pavimento, chegando a ser un problema manifesto para os usuarios da vía*

**Terceiro:** Aprobar o proxecto técnico denominado "MELLORA DE VIARIO EN CROÍDO", asinado o día 16.06.2022, cun orzamento de execución por contrata que ascende a 99.435,63 €, IVE incluido.

**Cuarto:** Solicitar a concesión dunha subvención nominativa por parte da Excma. Deputación da Coruña para a execución do anterior proxecto técnico, coa desagregación que a continuación se indica, cun coeficiente de financiamento provincial do 70,3973 % :

| Subvención nominativa | FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Denominación da obra | Deputación | Concello | | | Orzamento total |
| | | Achega municipal | IVE soportado deducible (só abastecem. auga potable) | Total Concello | |
| Mellora de viario en Croído | 70.000,00 | 29.435,63 | 0,00 | 29.435,63 | 99.435,63 |

**Quinto:** Declarar responsablemente que:

1. O Concello dispón das licenzas/autorizacións preceptivas para a execución do proxecto.
2. O Concello adscribirá os bens á finalidade pública para a que se solicita a subvención por un período mínimo de 10 anos.
3. O Concello empregará o procedemento de contratación previsto na Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público.
4. O Concello comunicará aos servizos técnicos da Deputación, cunha antelación mínima de 15 días, a data da sinatura da acta de recepción e da acta de replanteo, co obxecto de posibilitar a asistencia a estas.
5. O Concello non está incurso en ningunha das prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei Xeral de Subvención e que cumpre coas condicións para obter a condición de beneficiario da subvención.
6. O Concello coñece a información subministrada pola Deputación da Coruña en materia de protección de datos.
7. O Concello nin solicitou nin obtivo outra subvención para a mesma finalidade que esta.

**Sexto:** Autorizar á Deputación da Coruña para comprobar que o Concello está ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

**Sétimo:** Designar como representante do Concello ante a Deputación Provincial, á súa Alcaldesa, dona María Teresa Villaverde Pais.

Lousame, na data da sinatura dixital.
A Alcaldesa,
Mª Teresa Villaverde Pais

A Alcaldía pregunta se hai intervencións. Non habendo intervencións, somete o asunto a votación.



Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 30/06/2022 13:07:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 30/06/2022 17:26:00)
Versión imprimible
CVD: 3BVCUz+W3YTuCoUYuR9I
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

**En consecuencia, o Pleno Corporativo, por nove (9) votos a favor (emitidos polos concelleiros/as do GPM do PP e PSdG-PSOE) e unha (1) abstención (emitida polo concelleiro do Grupo Mixto), sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte ACORDO:**

"O Pleno Corporativo, órgano competente para a adopción do presente acordo, de solicitude de subvención nominativa á Excma. Deputación da Coruña, e á vista dos seguintes antecedentes e fundamentos xurídicos.

1. O 09.04.2021, con rexistro de saída núm. 202190000000055, vía SIR, remitíase á Excma. Deputación da Coruña, oficio da Alcaldía do Concello, xunto coa documentación xustificativa da solicitude dunha subvención nominativa para a execución do seguinte investimento: *Mellora do Viario en Croído*.

2. A finais de xuño do 2022, dende os servizos técnicos da Excma. Deputación Provincial comunican a necesidade de achegar o acordo do Pleno Corporativo relativo á solicitude da subvención nominativa, para continuación coa súa tramitación.

Á vista do exposto, o Pleno Corporativo, **ACORDA:**

**Primeiro:** Declarar que as razóns de interese público de carácter social e económico, polas que a Excma. Deputación Provincial, no fomento dos intereses peculiares da provincia, debe contribuír economicamente ao desenvolvemento do proxecto son as que constan na Memoria Xustificativa da Alcaldía do día 09.04.2021, xa remitida á Deputación, en concreto:

*O Concello de Lousame considera de primeira necesidade as actuacións sobre a rede viaria local, especialmente aquelas que unen núcleos de poboacións entre si e que, ademais do tráfico rodado de turismos para desprazamento das persoas e do tráfico mais pesado que resulta necesario para o normal desenvolvemento da vida diaria dos usuarios, son empregadas polos veciños para os seus desprazamentos a pé.*

*Con tal motivo e dada a necesidade imperiosa das actuacións preténdese por parte do Concello mellorar a seguridade vial no camiño e realizar a reparación do pavimento do mesmo, así como dar continuidade á malla existente de servizos públicos da zona, motivadas principalmente por razóns de interese público, social e económico*



**Segundo:** Declarar que as circunstancias que impediron ou dificultaron acollerse a algún dos programas de subvencións de concorrencia competitiva, a un Plan da Deputación ou ao Plan Único, POS+, son as que constan na Memoria Xustificativa da Alcaldía do día 09.04.2021, xa remitida á Deputación, en concreto:

*Cabe indicar que as obras incluídas neste proxecto non foron incluídas noutros plans por existir outras cuxo arranxo era prioritario por encontrarse en estado mais ruinoso. Non obstante, dende a redacción dos proxectos incluídos no último plan detectouse un aumento de tránsito de vehículos por este vial, polo que a seguridade dos viandantes que por ela transitan viuse afectada considerablemente ademais de evidenciarse un importante incremento do deterioro do pavimento, chegando a ser un problema manifesto para os usuarios da vía*

**Terceiro:** Aprobar o proxecto técnico denominado "MELLORA DE VIARIO EN CROÍDO", asinado o día 16.06.2022, cun orzamento de execución por contrata que ascende a 99.435,63 €, IVE incluido.

**Cuarto:** Solicitar a concesión dunha subvención nominativa por parte da Excma. Deputación da Coruña para a execución do anterior proxecto técnico, coa desagregación que a continuación se indica, cun coeficiente de financiamento provincial do 70,3973 % :

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 30/06/2022 13:07:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 30/06/2022 17:26:00)
Versión imprimible
CVD: 3BVCUz+W3YTuCoUYuR9I
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

| Subvención nominativa | FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Denominación da obra | Deputación | Concello | | | Orzamento total |
| | | Achega municipal | IVE soportado deducible (só abastecem. auga potable) | Total Concello | |
| Mellora de viario en Croído | 70.000,00 | 29.435,63 | 0,00 | 29.435,63 | 99.435,63 |

**Quinto:** Declarar responsablemente que:

1. O Concello dispón das licenzas/autorizacións preceptivas para a execución do proxecto.
2. O Concello adscribirá os bens á finalidade pública para a que se solicita a subvención por un período mínimo de 10 anos.
3. O Concello empregará o procedemento de contratación previsto na Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público.
4. O Concello comunicará aos servizos técnicos da Deputación, cunha antelación mínima de 15 días, a data da sinatura da acta de recepción e da acta de replanteo, co obxecto de posibilitar a asistencia a estas.
5. O Concello non está incurso en ningunha das prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei Xeral de Subvención e que cumpre coas condicións para obter a condición de beneficiario da subvención.
6. O Concello coñece a información subministrada pola Deputación da Coruña en materia de protección de datos.
7. O Concello nin solicitou nin obtivo outra subvención para a mesma finalidade que esta.



**Sexto:** Autorizar á Deputación da Coruña para comprobar que o Concello está ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

**Sétimo:** Designar como representante do Concello ante a Deputación Provincial, á súa Alcaldesa, dona María Teresa Villaverde Pais”

## 3) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO POS+ ADICIONAL 2/2022

A Alcaldía da conta da proposta de acordo que se somete ao Pleno Corporativo, que é a que de seguido se indica:

**PROPOSTA DE ACORDO PLENARIO DE APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL**
**ADICIONAL 2/2022**
**POS+ ADICIONAL 2/2022**

1.- “Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de**

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 30/06/2022 13:07:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 30/06/2022 17:26:00)
Versión imprimible
CVD: 3BVCUz+W3YTuCoUYuR9I
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

**concellos) "POS+ ADICIONAL 2/2022"** da Deputación Provincial da Coruña**,** cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:

**A ) Financiamento de gastos correntes:**

| **Gastos correntes** | **Deputación** |
|---|---|
| Achega provincial 2022 aplicada ao financiamento de gastos correntes | 154.438,09 |

**B ) Financiamento de investimentos financeiramente sostibles:**

| **Investimentos financeiramente sostibles SI incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022** | **FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO** | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | **Concello** | | | |
| | **Deputación** | **Achega municipal** | **IVE soportado deducible (só abastecem. auga potable)** | **Total Concello** | **Orzamento total** |
| | | | | | |
| | | | | | |
| **TOTAL** | | | | | |

| **Investimentos financeiramente sostibles NON incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022** | **FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO** | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | **Concello** | | | |
| | **Deputación** | **Achega municipal** | **IVE soportado deducible (só abastecem. auga potable)** | **Total Concello** | **Orzamento total** |
| | | | | | |
| | | | | | |
| **TOTAL** | | | | | |

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que non estaban incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022 e que se relacionan nesta táboa.

C) **Financiamento da revisión excepcional de prezos:**

| **Revisión excepcional de prezos** | **Deputación** |
|---|---|
| Achega provincial aplicada ao financiamento da revisión excepcional de prezos dos contratos públicos de obras municipais | |

**d) Resumo de financiamento:**



Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 30/06/2022 13:07:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 30/06/2022 17:26:00)
Versión imprimible
CVD: 3BVCUz+W3YTuCoUYuR9I
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

| POS+ ADICIONAL 2/2022 | Deputación | Concello | IVE Soportado deducible (só abastecem. auga potable ) | Total concello | Orzamento Total |
|---|---|---|---|---|---|
| | | Concello | | | |
| Gastos correntes servizos obrigatorios | 154.438,09 | | | | 154.438,09 |
| Investimentos incluídos no Plan complementario ao POS+ 2022 | 0,00 | | | | 0,00 |
| Investimentos novos non incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022 | 0,00 | | | | 0,00 |
| Revisión excepcional de prezos obras municipais | 0,00 | | | | 0,00 |
| TOTAL | 154.438,09 | | | | 154.438,09 |



2.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2022 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2022, se a houbera.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6.- Autorizase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente."

---

A Alcaldía pregunta se hai intervencións. Non habendo intervencións somete o asunto a votación.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 30/06/2022 13:07:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 30/06/2022 17:26:00)
Versión imprimible
CVD: 3BVCUz+W3YTuCoUYuR9I
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

**En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos dez (10) concelleiros presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte ACORDO:**

1.- Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ ADICIONAL 2/2022"** da Deputación Provincial da Coruña**,** cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:

**A ) Financiamento de gastos correntes:**

| **Gastos correntes** | **Deputación** |
|---|---|
| Achega provincial 2022 aplicada ao financiamento de gastos correntes | 154.438,09 |

**B ) Financiamento de investimentos financeiramente sostibles:**

| **Investimentos financeiramente sostibles SI incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022** | **FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO** | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | **Concello** | | | |
| | **Deputación** | **Achega municipal** | **IVE soportado deducible (só abastecem. auga potable)** | **Total Concello** | **Orzamento total** |
| | | | | | |
| | | | | | |
| **TOTAL** | | | | | |

| **Investimentos financeiramente sostibles NON incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022** | **FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO** | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | **Concello** | | | |
| | **Deputación** | **Achega municipal** | **IVE soportado deducible (só abastecem. auga potable)** | **Total Concello** | **Orzamento total** |
| | | | | | |
| | | | | | |
| **TOTAL** | | | | | |

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que non estaban incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022 e que se relacionan nesta táboa.

**C) Financiamento da revisión excepcional de prezos:**

| **Revisión excepcional de prezos** | **Deputación** |
|---|---|



Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 30/06/2022 13:07:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 30/06/2022 17:26:00)
Versión imprimible
CVD: 3BVCUz+W3YTuCoUYuR9I
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

| | |
|---|---|
| Achega provincial aplicada ao financiamento da revisión excepcional de prezos dos contratos públicos de obras municipais | |

**D Resumo de financiamento:**

| | | Concello | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **POS+ ADICIONAL 2/2022** | **Deputación** | **Concello** | **IVE Soportado deducible (só abastecem. auga potable )** | **Total concello** | **Orzamento Total** |
| **Gastos correntes servizos obrigatorios** | 154.438,09 | | | | 154.438,09 |
| **Investimentos incluídos no Plan complementario ao POS+ 2022** | 0,00 | | | | 0,00 |
| **Investimentos novos non incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022** | 0,00 | | | | 0,00 |
| **Revisión excepcional de prezos obras municipais** | 0,00 | | | | 0,00 |
| **TOTAL** | 154.438,09 | | | | 154.438,09 |



2.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2022 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2022, se a houbera.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6.- Autorizase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente."

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 30/06/2022 13:07:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 30/06/2022 17:26:00)
Versión imprimible
CVD: 3BVCUz+W3YTuCoUYuR9I
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

E non habendo outros asuntos que tratar, de orde da Alcaldía-Presidencia rematouse a sesión sendo ás vinte horas e corenta e cinco minutos (20:45 h.), da que se estende a presente acta que asina comigo a Sra. Alcaldesa e da que eu, secretaria, dou fe.

| | |
|---|---|
| A ALCALDESA | A SECRETARIA-INTERVENTORA |
| Mª Teresa Villaverde Pais | Paula Ares Otero |



FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 30/06/2022 13:07:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 30/06/2022 17:26:00)
Versión imprimible
CVD: 3BVCUz+W3YTuCoUYuR9I
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).